

Toniña

Outros nomes:

Marsopa común (ESP)
Mazopa arrunta (EUS)
Boto (POR)
Harbor porpoise (ENG)
Marsvin (DAN)
Marsouin commune (FRA)
Schweinswal (DEU)



Características

É o cetáceo europeo máis pequeno, medindo entre 130 e 200 cm de lonxitude, sendo as femias lixeiramente máis grandes que os machos. De corpo compacto e cabeza sen bico. Presenta dentes espatulados exclusivos desta familia de cetáceos. A fórmula dentaria é de 22-28 dentes no maxilar e 21-26 na mandíbula. As súas aletas pectorais son pequenas, coa punta redondeada, e a aleta dorsal centrada, baixa e triangular.


A madurez sexual acádase aos 3-4 anos, cando adquiren un tamaño de entre 130-140 cm. Os partos e apareamentos adoitan coincidir na primavera e verán, durando a xestación 10-11 meses. A cría é aleitada durante un ano. Como resultado disto teñen unha frecuencia dun parto cada 1-2 anos.

A alimentación baséase en peixes e cefalópodos, polo xeral aqueles que forman cardumes. Poden verse nas inmediacións de afloramentos rochosos ou baixos parcialmente cubertos, onde obteñen alimento, xeralmente de forma individual, nas paredes rochosas e cantís.



Polo xeral vive en grupos pequenos, formados por 2-7 exemplares con vínculo familiar. Non adoitan achegarse ás embarcacións mantendo un comportamento discreto yesquivo, o que dificulta o seu estudo. As súas inmersións son longas, saíndo á superficie timidamente, o que unido ao seu pequeno tamaño, dificulta as observacións no mar. Evitan a presenza dos arroaces que poden dar lugar a encontros agresivos e letais con elas.

Distribuída polas augas tépedas frías e subárticas do hemisferio norte, asociadas á plataforma continental, preferentemente augas costeiras e pouco profundas, con montañas submarinas e afloramentos rochosos.



Ata finais do século XX cazáronse toniñas con fins comerciais en varios países de Europa como Dinamarca e Noruega. Posiblemente foron cazadas e consumidas durante a Idade Media, do mesmo xeito que outras especies de pequenos cetáceos, nos portos españois, xa que a Igrexa limitaba o consumo de carne e estes animais eran considerado como peixe. Na actualidade aínda son capturadas en Groenlandia.



Situación de protección

A **Directiva Hábitat (92/43/CEE) da UE, relativa á conservación dos hábitats Naturales e da Fauna e Flora Silvestres**, nace como contribución da Unión Europea ao Cumio de Río para a conservación da biodiversidade (1992). Esta Directiva baséase por unha banda na designación de áreas de interese para as especies, denominada Rede Natura 2000, e no establecemento dun réxime común de protección para as especies estritamente protexidas.

No Anexo II recóllense as Especies animais e vexetais de interese comunitario que precisan da designación de zonas especiais de conservación. Entre estas especies figuran varias especies de cetáceos.

A transposición desta normativa á lexislación española e autonómica dá lugar á inclusión da especie na categoría de protección de **Vulnerable**, o que obriga á posta en marcha de Plans de Conservación.



Fotos: © CEMMA

Ameazas

Esta especie sofre as ameazas das actividades humanas:

Captura accidental en faenas pesqueiras

Contaminación química e acústica

Destrución do hábitat

Sobrepesca

Acoso e persecución por embarcacións de recreo

Impacto da navegación

A análise das ameazas, e a súa incidencia, indica que é necesario a rectificación das mesmas, eliminándoas ou minimizándoas, para garantir a supervivencia e bo estado da especie.

Proxecto para a conservación das especies de cetáceos

Para a posta en marcha dos **Plans de Conservación** das especies de cetáceos protexidas, necesítase unha recompilación de información mínima relativa á ecobiología básica dispoñible da especie, parámetros mínimos de información comportamental, ameazas potenciais e ao establecemento de medidas de conservación. Para iso lévase a cabo o proxecto: **Bases para o desenvolvemento dos plans de conservación das especies de cetáceos protexidas na "Demarcación mariña noratlántica"**.

Ten como obxecto a realización dun completo catálogo recompilatorio de información das especies de cetáceos incluídas no Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento da **Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas**, que están presentes no Norte Peninsular, de Galicia a Euskadi, así como nas augas da Zona Económica Exclusiva do Estado Español no Noroeste e Golfo de Biskaia, das que se teña información.

Este proxecto impulsado por **CEMMA-INT** conta coa colaboración de todas as entidades ambientais que traballan en cetáceos do Norte: **AMBAR, CEMMA, CEPESMA, e EIBE**, contando ademais coa colaboración dos máis importantes investigadores do Sur de Europa.

Organizan:

CEMMA-INT
www.cemma.org
localcemma@arrakis.es

AMBAR
www.ambarcetaceos.com/

CEPESMA
www.cepesma.org

EIBE
www.eibeh.org



Coa colaboración de:

